CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Trasmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.	TI	48
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e</li> </ul>

## Contidos

- terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	"Long ago, far away"	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos.	PE	52

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias de "reading" and "listening".		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensibel.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar extratexias de "writing e speaking"		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito conrensibel.	TI	48

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortésia lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Aplicar estratexias comunicativas.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipóteses e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o</li> </ul>



## Contidos

- repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- Faremos un repaso xeral dos contidos básicos impartidos en cursos anteriores na Starter Unit de cada nivel, acompañándoa de tarefas nas que teñan que utilizar as TIC.
  - A metodoloxía a empregar vai ser a mesma con todo o alumnado do grupo, pero os exercicios e tarefas propostos terán apartados de distinta dificultade para que cada alumno, segundo o seu nivel, poida ir acadando unha avaliación positiva na realización dos mesmos.
  - Utilizarase o libro de texto indicado na listaxe de libros para este curso: Teamwork 3, de Burlington. Utilizarase este libro como punto de partida e tamén como fío condutor, combinado sempre con outras actividades deseñadas polos profesores nas que o alumnado teña que utilizar as TIC.
- En cada unidade intentarase proceder da mesma maneira:
- Comezarse a unidade introducindo vocabulario a través de distintas actividades elaboradas a partir dun tema que se propón ao comezo de cada unha.
  - Sobre ese tema, o alumnado lerá un texto para desenvolver a comprensión lectora mediante uns exercicios adaptados a tal fin. Estes textos tamén introducirán unha estrutura gramatical determinada que se explicará ou se revisará na clase e sobre a cal se farán varios exercicios ou tarefas que serán avaliadas.
  - Faranse prácticas de listening a partir de audios e vídeos.
  - O profesor tentará incentivar ao alumnado utilizando en parte o inglés como vehículo de comunicación, e tomando nota cada vez que se comuniquen utilizando dita lingua.
  - Faranse prácticas de writing, e cada alumno elaborará as súas propias tarefas de writing, que serán avaliadas.
  - Seguiremos cunha lectura obrigatoria nos dous primeiros trimestres, as lecturas faranse na casa e as actividades ou tarefas serán avaliadas polos profesores.

Todas as tarefas e traballos entregados polo alumnado van ser valorados ou puntuados polo/a profesor/a correspondente. Ademais de todo isto, terase en conta a participación e o traballo diario de cada alumno.

Debemos salientar que :

1. O inglés será unha parte da comunicación na aula.
2. Adicarase gran parte do tempo na aula ó traballo en parellas ou grupo, e fomentarse a aprendizaxe colaborativa.
3. Facilitaranse as máximas oportunidades de expresión do alumnado.
4. Fomentarse a dedución e o rexistro de palabras por parte do alumnado.
5. Fomentarse o uso do dicionario e a autonomía na aprendizaxe.
6. Facilitarse en todo momento a práctica das destrezas lingüísticas: lectura e comprensión oral, e tamén escritura e



expresión oral.

7. Empregarase o inglés de xeito creativo e persoal, para ter unha sensación real do progreso. Para facilitar este obxectivo, faranse traballos por proxectos. Haberá unha exposición oral por trimestre de temas diversos, decididos ó longo do curso.

8. Facilitarase estratexias de aprendizaxe que lles permitan ser mellores aprendices, máis autónomos e mellores usuarios dunha lingua estranxeira.

9. Empregarase a autoavaliación e a avaliación en grupo, co obxectivo de ensinar ó alumnado a autoavaliar o seu progreso e avaliar ós seus compañeiros, o que favorecerá tamén a aprendizaxe colaborativa.

10. O emprego das TICS vaise traballar desde esta área como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
libro de texto
libro dixital e recursos dixitais (aula virtual)
Students zone de Burlington
Teléfono móbil
páxinas webs de editoriales
Material enviado polo/a profesor/a
Dicionarios en liña.
Correo electrónico.

O uso do teléfono móbil soamente se fará para buscar vocabulario nun dicionario da rede ou para escoitar a pronuncia dunha palabra.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso o departamento fai unha avaliación inicial ao alumnado para axustar a programación. A través da análise dos informes elaborados o curso pasado e dos resultados da avaliación inicial tentaranse detectar as carencias e necesidades do alumnado para determinar os aspectos que deben reforzarse en cada caso e determinar o alumnado con necesidades específicas.

Nas probas de avaliación inicial as tarefas divídense en dous grupos, por un lado coñecementos lingüísticos e de vocabulario, e por outro comprensión oral e expresión escrita. Os contidos e propostas das diversas probas sempre se basearán en materia impartida no curso anterior.

As probas realizadas en cada nivel así coma os resultados de ditas probas e a súa valoración serán recollidas nas actas de departamento para analizar propostas de mellora.

Acórdase empregar as probas de diagnóstico do libro do profesor de cada nivel.

Deste xeito, vemos necesario revisar e reflexionar sobre os instrumentos de avaliación que nos axuden a diagnosticar e intervir na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. A nosa proposta consiste no desenvolvemento de rúbricas ou plantillas de avaliación como recurso para una avaliación inicial e formativa e como instrumento de orientación e

participación na aprendizaxe.

Procedemento: o alumnado marca o que pensan sobre as súas fortalezas ou debilidades no idioma. A continuación, o profesor entregarálles os tests correspondentes a cada destreza:

expresión e comprensión oral, e expresión e comprensión escrita . Isto permitirá desvelar as competencias adquiridas e as capacidades do alumno, o que alumno sabe (e non só o que o alumno recorda).

En caso de resultados negativos, serán propostas actividades relacionadas coas carencias concretas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	52	52	52	52	52	52	52	52	52	<b>52</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	48	48	48	48	48	48	48	48	48	<b>48</b>

### Criterios de cualificación:

A. Probas escritas e orais: 75%

- Comprensión de textos orais (listening comprehension) 10%
- Estructuras sintáctico-discursivas e léxico (grammar and vocabulary) 25%
- Producción de textos escritos: expresión e interacción (writing) 20%
- Expresión e interacción oral (speaking and interaction) 10%
- Comprensión lectora textos escritos (reading comprehension) 10%

- Haberá dous exames escritos e un exame de expresión e interacción oral en cada trimestre.

B. Traballos e actividades tanto na clase como fóra dela. 20%

Os instrumentos que os profesores/as utilizaremos para avaliar esta parte poderán consistir en:

- Comprobación do Dossier de traballo: 5%
- Cartafol coas redaccións asignadas, fichas de repaso, etc, ou caderno de clase.
- Group work ou Individual work: proxectos cooperativos ou persoais que impliquen o uso das tics. 5 %
- Graded-readers: traballos ou controis sobre obras de lectura 10%

C. Traballo diario, participación nas tarefas de expresión oral e nas actividades propostas nas clases e nos proxectos individuais e colectivos. 5%

- A cualificación final en cada avaliación obterase da suma das notas obtidas nos apartados A, B e C.

- A cualificación final do curso será o resultado ponderado polo valor otorgado as diferentes avaliacións que é o que sigue:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40 %

- Os aprobados en xuño serán as notas resultantes iguais ou superiores a 5.

### Criterios de recuperación:

Unha vez realizado o exame da terceira avaliación, o alumnado suspenso fará unha proba final. Entre os exames da terceira avaliación e a proba final, o alumnado suspenso fará un repaso da materia, mentras o aprobado fará exercicios de reforzo.

O alumnado suspenso realizará unha proba escrita na que se examinará dos seguintes aspectos.

- Reading (comprensión lectora): 25 % da nota
- Writing (expresión escrita): 25 % da nota
- Vocabulary (vocabulario): 25 % da nota
- Grammar (gramática): 25 % da nota

Para facilitar o repaso sistemático da materia, o Departamento ofrecerá un plan de recuperación para o alumnado suspenso.

Para situacións extraordinarias (enfermidade, ausencias debidamente xustificadas) contéplase a posibilidade de realizar probas específicas de recuperación do terceiro trimestre mediante traballo ou tarefa a realizar antes do 22 de xuño de 2024.

Estas medidas están a disposición de todo o alumnado e comunidade educativa, así mesmo serán debidamente comunicadas ao alumnado na aula.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O Plan de Reforzo para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que promocióne de curso con materias pendentes será o seguinte:

1.- Datos de identificación do alumno/a: Nome e apelidos; Etapa educativa; Curso; Ámbito/Materia.

2.- Información relevante sobre o ámbito/materia sen superar.

- A materia de lingua inglesa é unha materia con contidos progresivos que ofrece múltiples posibilidades para a súa revisión e recuperación no curso actual.

- Toda a materia se repartirá en dúas convocatorias que recollerán os obxetivos e contidos mínimos para cada curso e que se axustarán ao modelo de exercicios planificados para a súa recuperación

3.- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.

Realizaranse:

- Dúas probas escritas (novembro e marzo) de vocabulario, gramática, reading (comprensión lectora) e writing (expresión escrita) cun valor de 5 puntos, e unha proba extraordinaria en maio.

- un boletín de reforzo e repaso para cada proba, cun valor máximo de 3 puntos.

- vaise valorar a actitude, o interese e a motivación, cun valor máximo de 2 puntos.

4.- Extratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento:

- Acordouse nunha reunión de Departamento a adaptación das probas para todo o alumnado coa materia pendente.

- Repaso e reforzo continuo no curso, con actividades axeitadas ao nivel do alumno.

5.- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Boletín de actividades elaborado polo Departamento.

6.- Tarefas a realizar, coa debida temporización:

- Boletíns de repaso correspondentes a cada proba de pendentes, que se lle entregará ao alumnado con suficiente anterioridade.

7.- Seguimento e avaliación:

- O profesor que imparte a materia no curso actual é o encargado de corrixir e de avaliar o boletín, e de puntuar a súa actitude, interese e motivación.

- Ao longo do curso estará sempre á súa disposición para a resolución de dúbidas.

8.- Acreditación da información á familia:

- Envío dunha carta informativa con acuse de recibo a cada familia, tamén dispoñible na web do centro con toda a información sobre a realización das probas.

- Información na web do centro das datas de cada proba de pendentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

### Actividades de ampliación e reforzo

- O profesor proporcionará actividades de ampliación para alumnos que acaben antes o seu traballo, así como pistas para a explotación dos proxectos e das historias, atendendo sempre ás necesidades que mostran os alumnos e permitindo que cada un traballe de acordo co seu ritmo e nivel lingüístico.
- Despois da avaliación de diagnóstico a principios de curso, o profesor entregará aos alumnos que o precisen material de reforzo para que revisen os puntos nos cales atoparon maior dificultade.
- Con carácter xeral, as adaptacións curriculares serán non significativas, senón procedimentais, onde os distintos niveis de desenvolvemento dos mesmos contidos poden ser perfectamente válidos.
- Cando as adaptacións curriculares sexan significativas, o Departamento de Inglés solicitará a información precisa ao Departamento de Orientación para a súa realización.
- Neste curso, as tres horas semanais de terceiro non coinciden xuntas senón que teñen lugar en tres días da semana distintos e podemos facer unha hora de desdobre semanal en tódolos grupos de terceiro e cuarto. Debe haber unha total coordinación entre o profesorado que imparta estes desdobres, comprometéndose a realizar un caderno de aula cada 15 días para facilitar esa coordinación. Este caderno será compartido polo/a profesor/a titular co/a profesor/a dos desdobres/ apoios.

### Medidas aplicables ós alumnos con DIXLEXIA, DEA OU TDAH

O artigo 7 do DECRETO 86/215, do 25 de xuño, prevé asegurar as medidas necesarias para que os alumnos con dislexia, dificultades específicas de aprendizaxe ( DEA ) ou con trastorno por deficit de atención e hiperactividade (TDAH ) poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

En virtude do anterior, para facilitar a adopción das medidas recollidas nas instrucións, contarase coa colaboración do Departamento de Orientación.

Nas probas e outros instrumentos de avaliación, este Departamento adoptará medidas aplicables aos alumnos con dislexia, DEA, ou TDAH, que se recollen a continuación.

### Tipos de medidas:

- Adaptación de tempos:
  - O tempo de cada exame poderase incrementar dependendo das necesidades educativas de cada alumno/a.
  - Axudarase a controlar o tempo, recordando de vez en cando o tempo que queda.
  - Deixarase máis tempo para a realización das probas escritas, non descartando dividilas en dúas sesións.
  - Ir dando as preguntas progresivamente, e recoller as anteriores.
- Adaptación do modelo de exame:
  - Poderase adaptar o tipo e o tamaño da fonte no texto do exame.
  - Preguntas separadas e organizadas en bloques.
  - Permitirase o uso de follas en branco.
  - Poderanse inxerir elementos gráficos ( imaxe, esquema..) de apoio.
  - Modificarase o formato da pregunta: tipo test, preguntas curtas
  - Reducirase o número de preguntas por folla de exame.
  - Poderase poñer un exemplo de como realizar o exercicio.
- Adaptación da avaliación:
  - Utilizaranse instrumentos e formatos variados de avaliación das aprendizaxes: probas orais, escritas, de resposta múltiple, etc.
  - Reduciranse os apartados procedimentais, unha menor cantidade de exercicios.

- Poderanse flexibilizar os criterios de cualificación da materia.

Facilidades: técnicas/materiais. Adaptacións de espazos.

- Poderase realizar unha lectura en voz alta, ou mediante un documento gravado, dos enunciados das preguntas ao comenzo de cada exame.
- Poderanse realizar os exercicios de exame nunha aula separada.
- Poderanse realizar textos escritos mediante uso de ordenador ou tablet.

Recuperación das sesións presenciais do alumnado que falte puntualmente a clase.

O alumnado que non puidese asistir a algunha sesión da materia de Inglés recibirá indicacións verbais dos contidos e tarefas impartidas durante a súa ausencia por parte do seu profesor/a e proporcionaráse axuda para recuperar as sesións perdidas. Se a ausencia fose prevista e prolongada, ademais de verbalmente, periódicamente se lle comunicarán os contidos e as tarefas que teña que traballar durante a súa ausencia a través de Abalar, mediante unha chamada telefónica ou a través do correo electrónico.

Plan específico para o alumnado repetidor:

As medidas de atención á diversidade que se prevén nesta programación para o alumnado repetidor están basadas nas alternativas legais existentes que se encadran no plano do Reforzo Educativo, sempre e cando fose necesario. Todas elas son medidas de carácter ordinario enmarcadas en pautas e estratexias de metodoloxía didáctica.

No relativo ás medidas que se implementarán antes e durante a realización das tarefas na clase podemos destacar:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicar de xeito claro e sinxelo o obxectivo último da tarefa.
- Segmentar as actividades longas e limitar o seu número.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución.

No relativo ás propias tarefas ou deberes:

- Supervisión dos exercicios asegurando a correcta comprensión.
- Pedir ao alumnado que revise os traballos e as probas antes de entregalo.
- En caso de alumnado con NEAE e que está permanecendo un ano máis no curso, aplicaranse os protocolos educativos de intervención e as adaptacións dos procedementos e instrumentos de avaliación descritos no apartado 11 desta programación.

Consideramos importante manter o contacto coas familias. Para iso, manteremos unha comunicación fluída co titor ou titora, para que as familias estean informadas sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de buscar puntos fortes para a superación da materia do curso repetido.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación do consumidor. O papel da publicidade	X							
ET.2 - Trampas no deporte. O valor da verdade.		X						
ET.3 - Coñecerse e valorarse a si mesmo. Heroe polos seus valores humanos.			X					
ET.4 - Superarse a si mesmo. Lograr o que un se propoña				X				
ET.5 - Viaxar, fonte de coñecemento					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Nutrición, comida saudable						X		
ET.7 - Educación para a saúde, prevención de enfermidades							X	
ET.8 - Educar na diversidade cultural. A aventura como fonte de coñecemento.								X
ET.9 - Educación ambiental nas cidades: reciclaxe etc								
ET.10 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Comprensión escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación do consumidor. O papel da publicidade	
ET.2 - Trampas no deporte. O valor da verdade.	
ET.3 - Coñecerse e valorarse a si mesmo. Heroe polos seus valores humanos.	
ET.4 - Superarse a si mesmo. Lograr o que un se propoña	
ET.5 - Viaxar, fonte de coñecemento	
ET.6 - Nutrición, comida saudable	
ET.7 - Educación para a saúde, prevención de enfermidades	
ET.8 - Educar na diversidade cultural. A aventura como fonte de coñecemento.	
ET.9 - Educación ambiental nas cidades: reciclaxe etc	X
ET.10 - Comprensión de lectura	X
ET.11 - Comprensión escrita	X
ET.12 - Competencia dixital	X

	UD 9
ET.13 - Igualdade de xénero	X

### Observacións:

Impulsaremos as experiencias que permitan aos alumnos vivir en valores de responsabilidade, solidariedade, tolerancia e respecto, e que non actúe só como a autoridade responsable de manter a orde establecida. Hai actividades enfocadas a promover a cooperación (traballo en grupo), e a autoafirmación (exposición e debate de opinións).

A comprensión de lectura, e a expresión oral e escrita, a competencia dixital e a igualdade de xéneros e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en tódalas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das Tics.

Tamén fora da aula se poden levar a cabo actividades nas que se impliquen outros departamentos. Tratarase de organizar actividades que afecten ao conxunto do centro, e que mesmo promovan a cooperación con outros centros. Así serían valiosas as seguintes actividades que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-Violencia de da Paz, Día da Muller Traballadora, Día contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos Humanos etc...) pois son ocasións que permiten remarcar a importancia de certos contidos educativos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	Para festexar o Halloween, o alumnado fará lecturas e visionado de vídeos, e escribirá historias de terror. O obxectivo desta actividade é promover a competencia artística e a creatividade facendo uso da lingua estranxeira.	X		
Let's dance and sing	Para festexar o día da patrona da música, o alumnado asistirá a unha actividade levada a cabo polo noso auxiliar de conversa Denis O'Toole. Aprenderemos as diferenzas entre a gaita galega e a irlandesa, e a bailar unha danza tradicional irlandesa.		X	
Concurso de postais de Sant Valentín	Concurso de postais en colaboración cos outros departamentos de linguas e a biblioteca, onde se valorará a parte artística e plástica e a parte creativa e lingüística. O obxectivo desta actividade é promover a creatividade e a competencia artística facendo uso da lingua estranxeira.		X	
Campaña de lecturas	Exposición de libros no hall do instituto para o seu préstamo e visionado. Contemplamos isto coma unha actividade de animación á lectura e realízase xunto co equipo da biblioteca. O obxectivo desta actividade é promover a animación á lectura e o interese pola lingua estranxeira.	X	X	X
Colaboracións	O departamento de inglés colaborará con todos aqueles proxectos que se requiran dende outros departamentos.	X	X	X

### Observacións:

Neste presente curso académico intentaremos tamén levar a cabo a actividade titulada "May Day"

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A coordinación entre o profesorado do departamento, en particular entre os que imparten os mesmos niveis, no desenvolvemento da programación foisatisfactoria.
As relacións entre o profesorado do Departamento e o alumnado dentro da aula, en xeral, foron boas.
A información transmitida ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe foi satisfactoria.
O coñecemento polo alumnado dos criterios e instrumentos de avaliación facilitou a súa autoavaliación.
As medidas complementarias empregadas co alumnado con dificultades de aprendizaxe foron .... (dicir cales foron) e demostráronse útiles.
O profesorado do Departamento coñece e empregou os recursos didácticos do Departamento, do centro e do contorno escolar.
A metodoloxía empregada considérase idónea , e as clases foron participativas.
Propiciouse o traballo en grupo.
Favoreceuse a interacción alumno-profesor.

### Descrición:

Despois de cada avaliación, os membros do Departamento reuniranse co obxectivo de avaliar o proceso de ensinanza / aprendizaxe en cada un dos grupos: contidos, dificultades, metodoloxía e cualificacións.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Somos conscientes de que na realidade de cada centro educativo, a programación realizada axeitadamente mellorará a coordinación e coherencia entre os profesores, reducindo a incerteza e a improvisación. É por isto polo que cremos de sumo interese que se faga una avaliación final da mesma co fin de propoñer os cambios precisos para o seguinte curso.

A proposta do Departamento de Inglés para acadar este fin é a que segue:

#### 1. OBXECTIVOS XERAIS

- Os obxectivos xerais da materia estiveron suficientemente adaptados á realidade do centro?
- Quedaron suficientemente explicados os contidos que corresponden a cada un dos cursos?
- Os contidos seleccionados, contribuíron a desenvolver os obxectivos de etapa?
- Á vista dos resultados obtidos, debería replantexarse a adecuación ós obxectivos xerais da etapa?

#### 2. TEMPORALIZACIÓN

- Seguiuse a programación plantexada?
- Tívoise que modificar a planificación inicialmente prevista?
- Foi axeitada a temporalización que se fixo dos contidos ó longo do curso?



8. Sería aconsellable unha temporalización diferente da actual?

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

9. Estiveron claramente establecidos os obxectivos que o Departamento considerou prioritarios, básicos ou fundamentais para ser adquiridos polos alumnos, de tal maneira que a súa consecución supoña a superación da materia?

10. Á vista dos resultados obtidos, haberá que replantexarse os criterios de avaliación?

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

11. Fíxose unha avaliación inicial?

12. Os profesores usaron procedementos de avaliación acordes coas características da materia?

5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

13. Usáronse instrumentos de avaliación acordes cos procedementos de avaliación establecidos na materia?

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

15. Estaban fixadas con anterioridade as actividades complementarias e extraescolares que os profesores se propoñían realizar ó longo do curso?

16. Coñecíanas os alumnos?

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

17. Tiveron claro os alumnos o procedemento polo que se chegou a esa cualificación?

18. Á vista dos resultados obtidos, habería que replantexarse os criterios de promoción?

8. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE

19. Déronse a coñecer os criterios e estratexias ó principio de curso ós alumnos?

20. Á vista dos resultados obtidos, habería que replantexarse estes criterios e estratexias para o curso seguinte?

## 9. Outros apartados